

Regulamento da biblioteca do Ceesg

Horario

- Coincidirá co horario de atención ao público do Ceesg. Este pode verse alterado por actividades programadas na sala.

Servizos

Os servizos da biblioteca son gratuítos e dirixidos exclusivamente a persoas colexiadas no Ceesg. Son os seguintes:

- lectura ou consulta en sala
- préstamo a domicilio
- consulta de Internet

Lectura ou consulta en sala

- O acceso queda supeditado a outros posibles usos da aula (reunións, actividades, cursos, etc.). Por este motivo, antes de achegarse á Biblioteca, é recomendable asegurarse de que non haxa ningunha actividade prevista.
- As publicacións consultadas deben deixarse enriba das mesas, non volver colocalas nos andeis, para evitar desordenalas.

Empréstito a domicilio

1. Recollida e entrega

- A recollida e entrega de materiais farase directamente no Ceesg, podendo enviarse por correo postal a aquelas persoas que residan fóra de Santiago.
- Pode facerse por parte de terceiras persoas no nome dunha persoa colexiada. Previamente, será necesario que a persoa colexiada comunique ao Ceesg a(s) publicación(s) concreta(s) que require e identifique a persoa que fará a recollida.
- A devolución poderá facela calquera persoa, sexa ou non colexiada, presencialmente no Ceesg ou por correo postal.

2. Envío a domicilio

- Os gastos de envío por correo certificado á/ao colexiada/o correrán a cargo do Ceesg.
- Os gastos de envío para a devolución do material por correo certificado correrá a cargo da persoa colexiada.

- No caso de que no Ceesg non se reciba a publicación, considerarase como extraviado por parte da colexiada/o.

3. Exemplos para o préstamo

- Cada persoa colexiada poderá ter prestadas como máximo 4 publicacións ao mesmo tempo.
- Como norma xeral, os materiais da biblioteca susceptibles de préstamo son os seguintes:
 - Libros
 - Revistas e publicacións periódicas
 - Folletos
 - Outros materiais: kits, CDs, etc.
- Serán excepcións as publicacións de particular interese por razóns históricas, artísticas, bibliográficas ou de reposición e aqueles que o Ceesg estime en función das súas características especiais. Como norma xeral, non se prestarán os seguintes materiais:
 - Boletíns e xornais
 - Materiais non editados

Estes materiais poderán prestarse nos casos nos que o Ceesg considere, e sempre que sexa para servizo do propio Colexio.

4. Duración do préstamo

- A duración do préstamo será como máximo de 1 mes.
- Poderá prorrogarse unha vez máis durante outro mes.
- Para solicitar a renovación, a persoa colexiada debe comunicarllo ao Ceesg (por teléfono ou correo-e) antes de que remate o prazo de devolución.

Consulta de internet

- Realizarase tras a petición previa ao persoal do Ceesg.
- Poderase limitar o tempo de duración das sesións en función das demandas existentes.
- Queda totalmente prohibida a copia en soporte informático do material especial que consta na biblioteca.

Uso das publicacións

O Ceesg declina toda responsabilidade polo uso fraudulento que poida facerse dos libros, revistas e demais fondos obxecto de préstamo por parte de calquera usuaria/o da Biblioteca, quen deberá respectar a lexislación vixente en todo momento.

Infraccións e sancións

Demora na devolución

- A sanción por demora na devolución do préstamo consistirá en suspender a condición de usuaria/o da Biblioteca durante un período proporcional aos días de demora. O tempo de sanción contarase a partir da data de devolución real da(s) publicación(s)
 - ata 10 días de atraso: sen sanción.
 - entre 11 e 20 días de atraso: 1 mes de sanción.
 - entre 21 e 30 días de atraso: 3 meses de sanción.
 - Máis de 30 días de atraso: 6 meses de sanción.

O Ceesg poderá incoar expediente disciplinario se os feitos fosen sancionables conforme aos Estatutos do Ceesg.

Extravío ou deterioro

- En caso de extravío ou deterioro do material, a persoa usuaria deberá repoñelo por un exemplar novo da mesma publicación.
- Cando non sexa posible repoñer a mesma publicación por non estar dispoñible no mercado, o Ceesg propondrá un título alternativo.

Outras cuestións relacionadas coa Biblioteca, que non estean previstas neste Regulamento nin nos Estatutos do Colexio, serán resoltas pola Xunta de Goberno.

Xullo de 2020